

A MANOLO RODRIGUEZ,
NA LEMBRANZA

Vai facer nove meses que nos deixou Manolo Rodríguez López, escritor nado en Paradela e que viveu en Cataluña case toda a súa vida. Moi axiña terá homenaxe en Cataluña. Este domingo, vaino ter en Paradela. A Manolo, na lembranza, van estas verbas:

O domingo, Manolo, temos unha cita en Paradela. Unha especialísima cita as xentes da cultura amigas túas. Manuel María, Barrio, Fer, Caldeiro, Braxe, Paco Martín e máis eu, imos ler anacos do teu labor literario sobre a túa terra de Paradela. E seremos - cos centos de amigos que alí tes e o medio cento de amigos que veñen de Barcelona ("galegos en Cataluña", ó fin) - testigos de como te fan Fillo Predilecto de Paradela, e como a casa da cultura se chama, desde entón, "Manuel Rodríguez López".

Magoa, queridísimo Manolo, que esto suceda case nove meses despois de que nos deixaras, de súpeto, orfos de ti. Pero bon é tamén que sexa así para demostrar, siquera por unha vez, que hai pobos agradecidos, rexidos por xente sensible, que saben recoñecer quen lles fixo ben ó longo de toda unha vida.

Quen pasou medio século querendo a Paradela desde lonxe, e servindo a idea de Galicia con tódalas cordas da súa voz e tódolos folgos do seu corazón, merece homenaxe.

E a túa familia - a túa dona, os teus fillos... - recibirán a homenaxe que en vida non tiveches; que tes ben merecida...

¡Que ben, Manolo, que a túa familia garde tan viva lembranza de ti!... Se puideras ver o entusiasmo do Santi, o teu fillo pequeno e o seu traballo porque se garde de ti axeitada memoria, ¡Qué ledicia!. Como estou seguro que sí, que o sabes, hasta por eso se che pode mandar a noraboa.

Fuches afortunado... Ou mellor: Es afortunado, Manolo Rodríguez López, por esa familia, por tantos amigos.

Contigo, queda demostrado o rentable que resulta - espiritualmente, claro está - ser homilde, xeneroso e bó.

Xulio Xiz .